



# Anuario Climatolóxico de Galicia 2005



# **Anuario climatolóxico de Galicia 2005**

Edita: **Consellería de Medio Ambiente de Desenvolvemento Sostible**  
**Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible**  
San Lázaro, s/n  
15781 - Santiago de Compostela  
Tel.: 981 541 763. Fax: 981 541 765  
Enderezo web: <http://medioambiente.xunta.es/>

Maquetación:  
**ocumo**deseño

Imprime: **Litonor**  
ISBN: 84-453-4292-4  
Dep. leg.: C-1762-2006

Coordinación:

- Subdirección de Información, Formación e Prospectiva Ambiental  
Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible  
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible  
Xunta de Galicia
- MeteoGalicia  
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible  
- Universidade de Santiago de Compostela

Redactores:

- Francisco Gómez de la Torre  
Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán.
- Santiago Salsón Casado, Paloma Barreiros Alonso, Lino Rafael Naranjo Díaz,  
Juan José Taboada Hidalgo, Raquel Cruz Guerrero, José Antonio Souto González e  
Vicente Pérez Muñuzuri.  
MeteoGalicia. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.  
Xunta de Galicia.



# ÍNDICE

• PRESENTACIÓN.....	7
• PRÓLOGO .....	9
• INTRODUCCIÓN .....	11
• MAPA: LOCALIZACIÓN DAS ESTACIÓNS.....	15
• COORDENADAS DAS ESTACIÓNS .....	17
• CONDICIÓN SINÓPTICAS .....	19
• RESUMO POR VARIABLE .....	33
Temperatura media .....	35
Temperatura máxima media .....	36
Temperatura mínima media .....	37
Oscilación térmica media .....	38
Temperatura máxima absoluta .....	39
Temperatura mínima absoluta .....	40
Humidade estándar .....	41
Precipitación total .....	42
Precipitación máxima en 24 horas. ....	43
Balance hídrico .....	44
Horas de sol .....	45
Insolación .....	46
Vento .....	47
Chuvia .....	48
Xeada .....	49
Orballo/rosada e néboa .....	50
Irradiación media diaria e IUV máximo .....	51
• RESUMO POR ESTACIÓN .....	53
ESQUEMA DA INFORMACIÓN POR ESTACIÓN .....	55
<b>A CORUÑA</b>	
CIS Ferrol-A.....	59
Corrubedo-A.....	60
Fontecada-A .....	61
Mabegondo-A.....	62
Marco da Curra-A .....	63
Melide-A .....	64
Monte Xalo-A .....	65
Muíños.....	66
Muralla-A .....	67
Punta Candeeira-A .....	68
Río do Sol.....	69
Santiago-EOAS-A.....	70
Sergude.....	71
<b>LUGO</b>	
Ancares, Os-A .....	75
Bóveda.....	76
<b>LUGO</b>	
Campus Lugo-A .....	77
Conchada.....	78
Folgueira de Aigas .....	79
Fragavella-A.....	80
Guitiriz-A .....	81
Marroxo-A.....	82
Monte Panda.....	83
Pedro Murias-A .....	84
Sambreixo .....	85
Santalla .....	86
Serra Vacaloura .....	87
Xipro, O.....	88
Xunqueira .....	89
<b>OURENSE</b>	
Alto do Rodicio-A.....	93
Baltar .....	94

<b>OURENSE</b>		<b>PONTEVEDRA</b>	
Castelo da Pena .....	95	Carballedo .....	108
Invernadeiro, O-A.....	96	Castro Vicaludo-A.....	109
Ourense-Ciencias-A .....	97	Castrove-A.....	110
Pedreiriño .....	98	Corón-A.....	111
Petarelas, As.....	99	Fornelos de Montes-A.....	112
Pieles .....	100	Illas Cíes.....	113
Serra do Eixe.....	101	Lourizán-A .....	114
Verín-A .....	102	Monte Aloia-A .....	115
Xurés, O-A .....	103	Mouriscade-A.....	116
<b>PONTEVEDRA</b>		Pereira.....	117
Arcos da Condesea.....	107	Queimadelos-A.....	118
• GLOSARIO .....		119	



## PRESENTACIÓN

O lema escollido pola Organización Meteorolóxica Mundial para o ano 2005, ano ao que pertencen os datos recollidos neste *Anuario climatolóxico de Galicia*, foi “O tempo, o clima, a auga e o desenvolvemento sostible”. Desta maneira quérese poñer de manifesto como o desenvolvemento sostible, aquel que nos permite cubrir as necesidades do presente sen poñer en risco as necesidades das xeracións futuras, vén en gran medida determinado por cambios climáticos e, polo tanto, pola dispoñibilidade de auga.

As repercusións cada vez maiores de fenómenos meteorolóxicos extremos, como por exemplo os furacáns (especialmente numerosos no 2005), inundacións e secas, supoñen unha ameaza para o desenvolvemento sostible. Por isto, a capacidade de predición meteorolóxica de Galicia ten que mellorar notablemente nos próximos anos.

Por outra banda, dende distintos organismos internacionais, nacionais e rexionais, estanse a abordar e a valorar os problemas que pode ocasionar o cambio climático, o que leva a establecer unha vixilancia do clima co fin de que as repercusións sexan as menores posibles. Os datos contidos neste anuario poden axudar neste senso.

Quero aproveitar a presentación deste anuario para agradecerlles aos observadores a súa colaboración na recollida dos datos procedentes das estacións manuais. Este datos, xunto cos provenientes da rede de estacións automáticas, permitíronlle a MeteoGalicia ([www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)), servizo meteorolóxico da Xunta de Galicia, a elaboración deste anuario.

Manuel Vázquez Fernández

Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible



## PRÓLOGO

O *Anuario Climatolóxico de Galicia 2005* é a sétima entrega desta serie de publicacións na que se resume dende o punto de vista meteorolóxico e climatolóxico o ano 2005. Os anuarios de anos anteriores, xunto con información meteorolóxica e climatolóxica adicional, poden atoparse no Sistema de Información Ambiental (SIAM), dependente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible ([www.siam-cma.org](http://www.siam-cma.org)).

Ao longo deste ano continuouse o proceso de automatización da rede de estacións meteorolóxicas manuais. As novas estacións estarán operativas no ano 2006. No anuario deste ano inclúense datos de dúas novas estacións automáticas, unha instalada na Facultade de Ciencias de Ourense da Universidade de Vigo e outra, en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, no Campus Sur. Esta última, coñecida como EOAS (Estación de Observación Atmosférica de Santiago), pretende converterse nun referente en Galicia respecto á observación atmosférica.

O ano 2005 continuou coa tendencia de escaseza de precipitacións coa que rematou o ano 2004. O 2005 foi un dos máis secos dos últimos 30 anos en Galicia e dos máis secos dende que se recollen datos no conxunto do Estado. No que respecta ás temperaturas, cómpre sinalar que na estación de Lourizán (Pontevedra) se alcanzou a marca de temperatura máxima absoluta no mes de xullo, con 37.2 °C, e, o que é máis significativo, no mes de agosto chegouse aos 29.4 °C de temperatura máxima media, superando o anterior valor de 28.7 °C.

Finalmente, quero expresar a miña convicción de que esta publicación e as que se vaian poñendo a disposición dos especialistas e do público en xeral nos vindeiros anos servirán para incrementar o coñecemento do noso clima de xeito que nos permita adoptar as decisións máis acertadas nun cambiante escenario de futuro.

Emilio Manuel Fernández Suárez  
Director Xeral de Desenvolvemento Sostible



# INTRODUCCIÓN

O *Anuario climatolóxico de Galicia* é un documento no que se recollen todos os datos ofrecidos polas estacións meteorolóxicas dependentes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia. Na rede intégrese tamén a estación de Corón, dependente do Centro de Investigacións Mariñas en Vilanova de Arousa.

Dende a instalación da primeira estación de observación meteorolóxica de carácter manual, que data do ano 1955, a rede de observación foise ampliando de maneira progresiva ata quedar configurada na actualidade por 35 estacións manuais repartidas por toda a xeografía galega. No ano 1998, comezouse a instalación dunha moderna rede de estacións automáticas, integrada actualmente por 27 estacións con transmisión de datos en tempo real. Neste anuario de 2005 utilízouse tamén esta información. Ao longo deste documento, para indicar que a estación é automática, engadíuselle un ‘A’ ao nome da estación.

En todas as estacións manuais, diarias ou semanais, mídense unhas variables comúns:

- Temperatura máxima diaria a 1.5 m.
- Temperatura mínima diaria a 1.5 m.
- Humidade máxima diaria a 1.5 m.
- Humidade mínima diaria a 1.5 m.
- Percorrido do vento (diario ou semanal).
- Precipitación (diaria ou semanal).

Ademais, nalgunhas delas, mídense tamén as horas de sol, coas que se calcula a insolación.

No caso das estacións automáticas, onde a frecuencia da toma de datos é dezminutal, as variables rexistradas son:

- Temperatura e humidade relativa a 1.5 m.
- Presión.
- Velocidade e dirección do vento a 10 m.
- Precipitación.
- Radiación solar global en once das estacións e índice ultravioleta máximo en cinco delas.

A partir dos datos das estacións manuais e automáticas, realizouse unha análise estatística climatolóxica para o ano 2005. Naquelas localizacións en que se dispón de estación manual e automática, tomáronse soamente os da estación automática, agás no caso das variables “horas de sol” e “insolación”, para as cales foron considerados os datos da estación manual. Unha das estacións automáticas, Santiago-EOAS, comezou a funcionar en xullo, substituíndo a de Santiago-Físicas. Neste caso, e excepcionalmente, fusionouse a información de ambas as dúas estacións para completar a información anual en Santiago de Compostela.

No apartado *condicións sinópticas* recóllese unha análise das situacións sinópticas predominantes que afectaron a Galicia ao longo de cada mes. Así mesmo, preséntanse mapas mensuais das anomalías de precipitacións, presións e temperaturas máximas e mínimas.

No apartado denominado *resumo por variable* preséntanse, para cada unha das estacións, os valores mensuais dunha serie de variables. Co obxectivo de que os valores fosen representativos, tomouse como criterio a utilización dos datos sempre que o número de valores dispoñibles sexa superior ao 60% do total dos rexistros mensuais no caso de valores medios e dun 80% no caso de valores acumulados. Nas estacións automáticas estableceuse un mínimo do 75% de datos dezminutais para considerar o día con datos. Os valores anuais indícanse só cando o número de meses con observacións válidas foi superior ao 60%. No caso de valores medios, máximos ou mínimos, indícanse as estacións que tiveron observacións entre un 60 e un 80% dos meses. No entanto, no caso dos valores acumulados, sinálanse todas aquelas estacións en que o ano non está completo, xa que nestes casos os valores acumulados non poden ser comparados cos doutras estacións.

As variables tabuladas son as seguintes:

- Temperatura media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura máxima media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura mínima media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Oscilación térmica (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura máxima absoluta (°C). Indícase tamén a máxima absoluta anual.
- Temperatura mínima absoluta (°C). Indícase tamén a máxima absoluta anual.
- Humidade estándar (%). Indícase tamén a media anual.
- Precipitación total acumulada (mm). Indícase tamén a chuvia acumulada anual.
- Precipitación máxima en 24 horas (mm). Indícase tamén a máxima anual.
- Balance hídrico. Indícase tamén o balance anual.
- Horas de sol (horas/mes). Indícase tamén o total anual. Sinálanse aquelas estacións automáticas en que se tomaron os datos das correspondentes manuais.
- Insolación (%). Indícase tamén a media anual.
- Velocidade media do vento (m/s). Indícase tamén a media anual.
- Chuvia (días). Indícase tamén o total anual.
- Xeada (días). Indícase tamén o total anual.
- Orballo/Rosada (días). Indícase tamén o total anual.
- Néboa (días). Indícase tamén o total anual.
- Irradiación media diaria. Indícase tamén a media anual.
- Índice ultravioleta máximo. Indícase tamén o máximo anual.

No apartado *resumo por estación* recóllese para cada unha das estacións a seguinte información:

- Resumo anual para as seguintes variables (cando se miden na estación):
  - Media anual da temperatura media diaria.
  - Media anual das temperaturas máximas diarias.

- Media anual das temperaturas mínimas diarias.
- Temperatura máxima absoluta.
- Temperatura mínima absoluta.

Para as temperaturas máxima e mínima absolutas, indícase a data en que se rexistrou o devandito valor. No caso de varias datas, amósase a primeira e a última.

- Media anual da humidade estándar.
  - Precipitación anual total.
  - Horas de sol totais no ano.
  - Media anual da irradiación media diaria.
  - Índice UV máximo acadado no ano.
  - Media anual da velocidade media do vento.
- 
- Gráfica de evolución das temperaturas mensuais máximas e mínimas, tanto medias como extremas. Representábase tamén o número de días de xeadas.
  - Gráfica de evolución da precipitación total, o balance hídrico e a temperatura media mensuais.
  - Gráfica de evolución da humidade estándar, a porcentaxe de insolación e o máximo valor do índice UV en cada mes.
  - Rosa dos ventos e velocidade media do vento en cada unha das direccións representadas, indicando a porcentaxe de días de calma (ventos con velocidade inferior ou igual a 1.5 m/s).

Cada un dos tipos de gráficas mostra a mesma escala en todas as estacións, de xeito que as gráficas se poden comparar visualmente.

Ao comezo deste apartado inclúese unha páxina na que se mostra un esquema da información por estación. Nela explícanse os datos e as gráficas que se amosan nesta sección.

Os datos recollidos polas estacións automáticas e manuais, así como os seus resumos, pódense atopar a través de Internet no Sistema de Información Ambiental de Galicia ([www.siam-cma.org](http://www.siam-cma.org)).





## MAPA: LOCALIZACIÓN DAS ESTACIÓNS





## COORDENADAS DAS ESTACIÓNS

ESTACIÓN	CONCELLO	ANO DE INSTALACIÓN	UTMX-29T	UTMY-29T	ALTITUDE
<b>A CORUÑA</b>					
CIS Ferrol-A	Ferrol	2000	560575	4815596	35
Corrubedo-A	Ribeira	2000	497788	4711340	30
Fontecada-A	Santa Comba	2003	510673	4757523	365
Mabegondo-A	Abegondo	2000	560035	4787795	98
Marco da Curra-A	Monfero	2000	589723	4799415	645
Melide-A	Melide	2003	583063	4751027	475
Monte Xalo-A	Culleredo	2001	548165	4787002	510
<b>Muños</b>	Zas	1985	502146	4764251	490
Muralla-A	Lousame	2001	518434	4732856	650
Punta Candeeira-A	Cedeira	2004	576460	4839690	244
<b>Río do Sol</b>	Coristanco	1982	525478	4770587	340
Santiago-EOAS-A	Santiago de Compostela	2005	536112	4747353	255
Sergude	Boqueixón	1991	544164	4741185	226
<b>LUGO</b>					
Ancares, Os-A	Cervantes	2000	669920	4742923	1 365
Bóveda	Bóveda	1981	623606	4717891	400
Campus Lugo-A	Lugo	2000	618765	4761198	420
<b>Conchada</b>	Quiroga	1981	641837	4705345	600
<b>Folgueira de Aigas</b>	Navia de Suarna	1981	669976	4758503	910
Fragavella-A	Abadín	2003	625715	4812475	605
Guitiriz-A	Guitiriz	2001	598922	4786880	690
Marroxo-A	Monforte	2001	623291	4703593	630
<b>Monte Panda</b>	Pol	1989	641017	4778172	605
Pedro Murias-A	Ribadeo	2000	654986	4822541	45
<b>Sambreixo</b>	Guitiriz	1991	598550	4777692	498
Santalla	Triacastela	1989	645239	4737385	720
<b>Serra Vacaloura</b>	Portomarín	1995	601970	4741768	795
Xipro, O	A Fonsagrada	1978	660504	4782755	840
Xunqueira	Viveiro	1991	612845	4834430	15
<b>OURENSE</b>					
Alto do Rodicio-A	Maceda	2000	616296	4683835	962
<b>Baltar</b>	Baltar	1989	606369	4643587	820
<b>Castelo da Pena</b>	Vilardevós	1984	636358	4642815	670
Invernadeiro, O-A	Castrelo do Val	2000	636971	4664276	1 020
Ourense-Ciencias-A	Ourense	2005	594381	4688935	168
<b>Pedreiriño</b>	Entrimo	1983	573955	4643896	720
<b>Petarelas, As</b>	Rubiá	1992	670470	4703269	555
<b>Pieles</b>	Cea	1990	585455	4708064	680
<b>Serra do Eixe</b>	O Barco de Valdeorras	1977	664341	4691308	1 225
Verín-A	Verín	2001	632770	4648322	555
Xurés, O	Lobios	1999	584682	4639012	1 000

PONTEVEDRA					
<b>Arcos da Condesa</b>	Caldas de Reis	1988	531354	4713851	145
Carballedo	Cotobade	1993	541735	4702509	350
Castro Vicaludo-A	Santa María de Oia	2004	511215	4649391	473
Castrove-A	Poio	2001	524471	4701077	415
Corón-A	Vilanova de Arousa	2002	520514	4714577	7
Fornelos de Montes-A	Fornelos de Montes	2003	549551	4685171	705
Illas Cíes	Vigo	1998	508050	4674377	15
Lourizán-A	Pontevedra	2001	527746	4695497	60
Monte Aloia-A	Tui	2000	526608	4658156	410
Mouriscade-A	Lalín	2000	570877	4718272	501
<b>Pereira</b>	Forcarei	1990	555880	4720398	715
Queimados-A	Mondariz	2001	547276	4675193	360

*Negra:* observación semanal da precipitación e do vento.

*Resto:* observación diaria nas manuais e dezminutal nas automáticas (-A).


## **CONDICIÓN SINÓPTICAS**



## XANEIRO

### Mes seco cunha entrada de aire frío na derradeira semana


O mes de xaneiro pódese caracterizar como anticiclónico, coas altas presións facendo de barreira para a entrada das fronte atlánticas. Deste xeito, igual que acontecera nos meses de novembro e decembro anteriores, o primeiro mes do ano 2005 pódese caracterizar como moi seco. Durante os primeiros 10 días do mes este anticiclón situouse primeiramente sobre a península Ibérica, para desprazarse despois ata o Mediterráneo occidental, quedando Galicia durante todo este tempo baixo o seu raio de acción. A partir do día 11 Galicia quedou momentaneamente baixo a influencia das baixas presións e a circulación do sudeste; esta situación deixou na xornada do 12 o único día con chuvias persistentes, de carácter moderado e xeneralizadas en toda a Comunidade. Os días seguintes as precipitacións foron máis escasas no interior, aínda que o 13 volveron a producirse con certa intensidade no litoral atlántico. A partir do día 17 as altas presións reapareceron nos Azores con moita forza e progresaron cara ao norte para situarse sobre Irlanda a partir do día 23. Esta situación das altas presións, xunto cun centro de baixas no Mediterráneo, ocasionou a entrada dunha masa de aire polar continental que afectou principalmente á metade leste da Península, pero que tamén deixou en Galicia unha semana seca, aínda que de temperaturas baixas. Estes centros de altas presións moi persistentes deixan a súa pegada no mapa de anomalía en superficie, onde se pode apreciar como no Atlántico, ao norte dos Azores, as presións durante este mes foron máis altas que a media climática esperada.



Anomalías de presión a nivel medio do mar

**Precipitación:** As chuvias acumuladas durante este mes foron pouco cuantiosas se as comparamos coa media climática. Así, cabe destacar estacións costeiras, como a de Lourizán, onde as precipitacións acumuladas foron inferiores aos 50 l/m<sup>2</sup>, ou Ferrol, onde se superou en pouco este valor. No interior de Galicia as chuvias foron aínda máis escasas. Así, por exemplo, en Monforte e Verín rexistráronse soamente 14 l/m<sup>2</sup> durante todo o mes.

**Temperatura:** As temperaturas non presentan anomalías moi significativas, nin no caso das mínimas nin no caso das máximas, xa que a masa de aire frío da derradeira semana non chegou con moita forza a Galicia e nas semanas anteriores non se rexistraran anomalías importantes.



Anomalías porcentuais de chuva


Anomalías de temperaturas máximas medias

Anomalías de temperaturas mínimas medias

FEBREIRO

Cuarto mes consecutivo con escasas precipitacións e tempo anticiclónico

O mes de febreiro estivo caracterizado pola presenza de altas presións sobre o Atlántico, o que deixou un mes con predominio de ventos de compoñente norte e precipitacións escasas, agás na zona norte de Lugo, onde estiveron preto das normais. No resto de Galicia as chuvias foron moi escasas, notándose esta escaseza principalmente nas provincias de Pontevedra e Lugo. Esta situación anticiclónica pódese dividir en dúas con características diferentes. O primeiro caso é a situación con ventos do nordés, que deixa xornadas secas; e a segunda situación ten que ver con ventos do norte, que se cargan de humidade ao pasaren polo Atlántico e deixan chuvias principalmente na metade norte, e en xeral bastante escasas. Esta última situación tivo lugar entre as xornadas do 13 ao 15 e volveuse repetir os días 20, 21 e 22. A partir do 22, ademais do anticiclón no Atlántico, tivemos unha situación de baixas presións no Mediterráneo occidental, o que configurou unha situación de entrada de aire polar continental; este aire polar gañou humidade ao seu paso polo Cantábrico, ocasionando nevadas en cotas baixas nas xornadas do 25 e 26 deste mes. A situación anticiclónica déixase ver moi claramente nas




Anomalías de presión a nivel medio do mar

anomalías de presión en superficie (figura 1), con presións moito máis altas do normal no Atlántico norte, entre Irlanda e Fisterra, pola insistente presenza das altas presións.

**Precipitación:** As altas presións atlánticas fixeron de barreira e non deixaron entrar frentes atlánticas, de forma que as chuvias foron moi escasas en toda Galicia (figura 2). Soamente se achegaron ás normais no litoral de Lugo. As provincias de Pontevedra e Ourense, pola contra, presentan os déficits hídricos máis acusados.

**Temperaturas:** As temperaturas mínimas estiveron, en xeral, por debaixo das agardadas debido a que os ventos predominantes foron do norte, o que nos deixou en xeral aire frío, principalmente durante a derradeira semana do mes. Estas temperaturas por debaixo das normais nótanse tanto nos valores máximos (figura 3) como nos mínimos (figura 4).



Anomalías porcentuais de chuvia

Anomalías de temperaturas máximas medias


Anomalías de temperaturas mínimas medias



## MARZO

### Mes variable, con neve durante os primeiros días e chuvias nos derradeiros


O mes de marzo caracterizouse pola variabilidade de situacións sinópticas. Así, o mes comezou cunha entrada de aire frío e húmido procedente do norte de Europa, que deixou temperaturas moi baixas e neve en cotas inferiores aos 500 metros. As temperaturas mínimas rexistradas no interior de Galicia baixaron ata os -10 °C durante as madrugadas do 1 e o 2 de marzo. Esta situación prolongouse durante os primeiros 6 días do mes. A partir do día 7 un potente anticiclón situado ao oeste de Irlanda deixou 13 xornadas de ceos despexados e temperaturas altas. O día 19 as altas presións retiráronse e comezou a entrada de frentes polo Atlántico, deixando situacións de ceos anubrados, chuvias xeneralizadas e temperaturas máis baixas que en xornadas anteriores, con pouca oscilación térmica durante o día. A entrada das frentes non foi continua e, así, nas xornadas do 22 e 24, vivíronse días de transición con apertura de claros. No derradeiro día do mes a situación foi novamente anticiclónica. A media das anomalías de presión volve mostrar anomalías positivas (presións máis altas do normal) sobre o Atlántico ao norte de Galicia no mapa de superficie (figura 1).



Anomalías de presión a nivel medio do mar

**Precipitación:** As precipitacións durante o mes de marzo estiveron preto das agardadas (figura 2). No litoral foron novamente algo escasas por quinto mes consecutivo, mentres que no interior superáronse os valores medios do mes de marzo. Estas precipitacións conseguíronse esencialmente a partir do día 20, coa entrada de sucesivas frentes atlánticas.

**Temperaturas:** As temperaturas estiveron preto dos valores medios do mes de marzo, tanto nas máximas (figura 3) como nas mínimas (figura 4), aínda que con tendencia a superar estes valores. Isto débese á alternancia de situacións, xa que marzo comezou cunha forte vaga de frío, pero a situación anticiclónica de mediados do mes deixou temperaturas altas e as frentes da derradeira semana non baixaron moito as temperaturas debido á prevalencia dos ventos de compoñente sur.



Anomalías porcentuais de chuvia


Anomalías de temperaturas máximas medias

Anomalías de temperaturas mínimas medias

## ABRIL

### Tempo moi variable con cantidade de precipitación próxima á media agardada

Durante o mes de abril tivemos tres tipos de situacións meteorolóxicas diferentes. Así, durante os primeiros tres días do mes un embolsamento de aire frío ocasionou un tempo variable, con treboadas durante as tardes, que deixaron temperaturas relativamente altas e chuvias en toda a Comunidade. A partir do día 4 e ata o día 13 a situación foi anticiclónica. Durante este período pódense distinguir dúas etapas; na primeira predominaron os ventos do norte, que deixaron temperaturas relativamente baixas, pero a partir do día 10 e ata o 13 Galicia viviu catro xornadas de ceos despexados e temperaturas altas. A partir do día




Anomalías de presión a nivel medio do mar

14 as altas presións retiráronse, deixando o paso aberto para a chegada das fronteas atlánticas. Esta situación prolongouse ata o día 27. O tempo durante estes 14 días oscilou entre xornadas de ceos anubrados e chuvias persistentes, cando coincidían co paso das fronteas, con outras xornadas de transición nas que se producía a apertura de claros e as chuvias tiñan un carácter máis ocasional. Os últimos 3 días do mes foron novamente anticiclónicos, caracterizados, xa que logo, polos ceos pouco anubrados e as temperaturas altas. Esta situación variable tradúcese nunha anomalía


negativa de presión no Atlántico, ao noroeste da península Ibérica, no caso das presións en superficie (figura 1). Estas presións máis baixas do normal para esta época do ano no Atlántico foron as causantes do período de tempo chuvioso e inestable vivido na segunda quincena do mes.

**Precipitación:** As precipitacións durante o mes de abril estiveron en valores moi próximos á media esperada para este mes, aínda que con tendencia a superar este valor (figura 2). Isto sucedeu debido a que as fronteas atlánticas collían Galicia no límite do seu raio de acción e, polo tanto, foron en xeral menos activas no sur da Comunidade.


**Temperaturas:** As temperaturas foron en xeral superiores á media deste mes, tanto no caso das máximas (figura 3) como no das mínimas (figura 4), aínda que esta tendencia foi máis notable no caso das mínimas. A explicación destas altas temperaturas debemos atopala en que a maior parte de episodios chuviosos sucederon con ventos do sudoeste, o que deixou en xeral temperaturas suaves, principalmente nos valores mínimos. As máximas vense arrastradas ata valores superiores aos agardados polas situacións anticiclónicas de mediados e finais do mes.



Anomalías porcentuais de chuvia



Anomalías de temperaturas máximas medias




Anomalías de temperaturas mínimas medias

## MAIO

### Chuvias durante a primeira quincena e tempo seco na segunda metade do mes


O mes de maio comezou baixo a influencia das baixas presións atlánticas, deixando tres xornadas chuviosas, especialmente durante o día 2. Entre os días 3 e 7 as altas presións entraron en Galicia, pero a partir do día 9 un profundo centro de baixas presións formouse fronte á costa de Lisboa, afectando a Galicia nas xornadas do 10 ao 16. Durante estes días as temperaturas foron baixas e as precipitacións moi cuantiosas, particularmente nas xornadas do 15 e o 16. Estas dúas borrascas deixaron unha primeira metade do mes moi chuviosa e con baixas temperaturas. Durante a segunda quincena do mes as condicións meteorolóxicas cambiaron e o predominio foi das altas presións. Esta situación anticiclónica fixo subir as temperaturas, especialmente nas xornadas do 24, 25 e 26 e nos dous últimos días do mes. A situación anticiclónica da segunda quincena só se viu interrompida polo achegamento de fronteas pouco activas nas xornadas do 20 e 21 de maio e o 27 do mesmo mes, cando se rexistraron precipitacións débiles e unha caída dos valores termométricos. Esta situación reflíctese nos mapas de anomalías en superficie (figura 1) con presións máis baixas do normal no Atlántico norte, ao noroeste de Fisterra.



Anomalías de presión a nivel medio do mar

**Precipitación:** As precipitacións durante o mes de maio acadaron valores próximos á media agardada para este mes, aínda que con tendencia a superar este valor (figura 2) por segundo mes consecutivo. Estas precipitacións estiveron concentradas principalmente na primeira metade do mes.

**Temperaturas:** As temperaturas foron en xeral normais ou superiores á media deste mes, tanto no caso das máximas (figura 3) como no das mínimas (figura 4). Esta normalidade das temperaturas vén dada pola gran variabilidade deste mes, no que tivemos situacións de borrascas e temperaturas baixas, como por exemplo os días 15 e 16 de maio, e situacións anticiclónicas de altas temperaturas, por exemplo os días 30 e 31.



Anomalías percentuais de chuva


Anomalías de temperaturas máximas medias

Anomalías de temperaturas mínimas medias

## XUÑO

### Temperaturas medias altas e cantidades de chuva normais

O mes de xuño estivo caracterizado, en xeral, polas situacións anticiclónicas e, polo tanto, por tempo seco e soleado. Porén, as cantidades de chuva recollidas nas diferentes estacións meteorolóxicas están, en xeral, preto dos valores normais deste mes, debido a que os episodios de chuva foron moi intensos. Durante os primeiros días do mes as altas presións entraron en forma de cuña dende Os Azores, deixando xornadas de ceos pouco anubrados e temperaturas normais para a época do ano. Durante as xornadas do 6 ao 9 tivo lugar a primeira entrada de aire cálido procedente do norte de África, que deixou temperaturas superiores




Anomalías de presión a nivel medio do mar

aos 30 °C en moitos puntos. Esta situación desembocou en néboas no litoral e treboadas no interior que foron especialmente intensas durante a xornada do 13. A continuación outra masa de aire sahariano instalouse sobre Galicia, deixando novamente temperaturas diúrnas moi elevadas, que acadaron o seu máximo durante a xornada do 17, con temperaturas superiores aos 35 °C. A cuarta semana do mes presentou o mesmo comportamento, con entrada de aire procedente do norte de África, que outra vez deixou temperaturas diúrnas superiores aos 35 °C na xornada do 24. A partir

desta xornada as temperaturas baixaron e a última semana estivo caracterizada por tempo máis inestable, especialmente o día 28, que deixou chuvias intensas. Este comportamento deixa a súa pegada nos mapas de anomalías de presión, con presións superiores á media ao norte da península Ibérica.

**Precipitación:** As precipitacións durante o mes de xuño acadaron valores próximos á media deste mes. Non obstante, os días de chuva foron moi inferiores aos esperados. As chuvias máis intensas tiveron lugar nas xornadas do 13 e do 28.

**Temperaturas:** As temperaturas foron, en xeral, normais ou superiores á media deste mes, tanto no caso das máximas (figura 3) como no das mínimas (figura 4), debido principalmente aos 3 episodios de altas temperaturas que se viviron nas primeiras semanas do mes. A derradeira semana rexistrou temperaturas inferiores á media, de forma que a anomalía positiva quedou bastante matizada.



Anomalías porcentuais de chuva


Anomalías de temperaturas máximas medias

Anomalías de temperaturas mínimas medias

## XULLO

### Mes normal con tendencia ás altas temperaturas


O mes de xullo estivo caracterizado polas situacións anticiclónicas, dúas das cales deron lugar a episodios de altas temperaturas, e unha derradeira semana caracterizada pola inestabilidade. Así, durante os primeiros sete días do mes Galicia mantívose no límite da influencia anticiclónica, deixando intervalos de nubes e temperaturas normais ou mesmo inferiores para as agardadas no mes de xullo. A partir do día 7 as altas presións establecéronse ao norte da península Ibérica, propiciando a primeira chegada de aire moi cálido deste mes. Ese episodio rematou durante os días 12 e 13 con néboas no litoral e descenso de temperaturas no interior. A continuación outro período anticiclónico con ventos do norte e temperaturas suaves dominou a situación ata a xornada do 18, cando novamente as altas presións se situaron ao norte da Península, achegando novamente aire moi cálido ata Galicia. A partir do 21 esta situación de temperaturas altas remitiu e un centro de baixas presións achegouse a Galicia, afectando á meteoroloxía dende o día 24 e deixando un tempo caracterizado pola inestabilidade, con moitas nubes e chuvias que, a medida que pasaron as xornadas, se foron xeneralizando en toda a Comunidade.



Anomalías de presión a nivel medio do mar

**Precipitación:** As chuvias acumuladas durante o mes de xullo aproximáronse ás normais por mor das precipitacións da derradeira semana. Rexistráronse cantidades que superaron en xeral os 25 l/m<sup>2</sup> nas provincias da Coruña e Pontevedra e foron algo inferiores en Lugo e Ourense. De calquera xeito, cómpre recordar que xullo é o mes máis seco do ano en Galicia.

**Temperaturas:** As temperaturas máximas medias nas diferentes comarcas de Galicia tiveron un comportamento propio tamén da época do ano. Pódense destacar os dous períodos (8-12 e 19-20) de temperaturas moi altas, pero durante a última semana as máximas non chegaron á media, compensando a calor de xornadas anteriores. O comportamento das mínimas é similar, aínda que durante a última semana tamén se mantiveron altas, polo que, en xeral, se superaron as medias agardadas para este mes.



Anomalías porcentuais de chuvias


Anomalías de temperaturas máximas medias

Anomalías de temperaturas mínimas medias

## AGOSTO

### Mes seco con predominio das situacións anticiclónicas

A meteoroloxía de agosto tivo un comportamento típico deste mes en Galicia, con predominio das altas presións, intercalándose situacións de inestabilidade de curta duración e escasa achega de chuvias. Así, os primeiros 7 días do mes estiveron caracterizados pola influencia anticiclónica, cun centro que se foi situando ao norte de Galicia, achegando dende esa posición unha masa de aire moi quente que lle afectou á nosa Comunidade durante o período do 4 ao 7, cando se rexistraron temperaturas moi altas, tanto nocturnas como diurnas. Na mesma xornada do día 7 a situación comezou a mudar polo litoral, con entrada de




Anomalías de presión a nivel medio do mar

néboas, e a baixada da temperatura xeneralizouse durante o día 8, cando a chegada de baixas presións dende o Atlántico provocou un aumento da nebulosidade e chuvias lixeiras. Esta inestabilidade prolongouse durante o día 9 e a partir do 10 novamente outro anticiclón deixou ceos despexados e altas temperaturas ata o 17, cando outra situación inestable, que se prolongou durante dúas xornadas, ocasionou unha caída nos termómetros. Os derradeiros dez días do mes a atmósfera comportouse dun xeito máis irregular, pero con predominio dunha situación anticiclónica débil con

presenza de néboas no litoral e ceos máis despexados no interior. Aínda durante a xornada do 29 tivemos unha nova invasión de aire africano, que no interior de Galicia deixou temperaturas superiores aos 35°C. No mapa de anomalías de presión en superficie non se observan desviacións preto da Península, como é de esperar nun mes de comportamento normal.

**Precipitación:** As precipitacións durante o mes de agosto foron en xeral inferiores á media, aínda que en valor absoluto o déficit é moi escaso, posto que agosto é o segundo mes máis seco en Galicia, por detrás de xullo. Agás en puntos de Lugo, onde as chuvias foron normais ou mesmo superiores á media dos últimos anos, no resto de Galicia as chuvias rexistradas situáronse incluso por debaixo da metade das agardadas neste mes.

**Temperaturas:** As temperaturas pódense cualificar como normais para esta época do ano no norte de Galicia, mentres que no sur e na franxa atlántica os valores medios foron altos tanto no caso das mínimas como no das máximas. Como caso puntual, pódese destacar o da estación de Lourizán, onde a media das máximas foi superior aos 29 °C, valor que supón o novo récord da serie histórica.



Anomalías porcentuais de chuvia


Anomalías de temperaturas máximas medias

Anomalías de temperaturas mínimas medias

## SETEMBRO

### Mes seco e con altas temperaturas na segunda quincena


O mes de setembro comezou con situacións intermedias entre as altas e as baixas presións, que deixaron días con abundantes nubes e algunhas chuvias de carácter débil no norte. A partir do día 6 a situación empeorou debido ao achegamento dun centro de baixas presións que deixou chuvias persistentes. Logo de dúas xornadas de transición, os días 9, 10 e 11 caracterizáronse do novo pola presenza de chuvias relativamente abondosas. O día 12 a península Ibérica quedou baixo os efectos dun anticiclón de bloqueo que practicamente non permitiu o achegamento de máis fronteiras durante o resto do mes. As que conseguiron chegar nas xornadas do 16, 23, 25 e 27 simplemente deixaron intervalos anubrados e chuvias débiles no norte das provincias de Lugo e Ourense. O resto das xornadas entre o día 12 e o final do mes caracterizáronse polos ceos despexados e as temperaturas diúrnas altas. Destaca neste sentido o último día do mes con temperaturas máximas próximas ou superiores aos 30 °C en toda a Comunidade, rexistrándose unha máxima de 34.4 °C en Ourense capital. Loxicamente esta situación reflíctese no mapa de anomalías con presións máis altas do normal sobre o Atlántico e o norte de Europa.



Anomalías de presión a nivel medio do mar

**Precipitación:** As precipitacións durante o mes de setembro foron en xeral inferiores á media. Os puntos en que as cantidades acumuladas se achegaron máis aos valores normais para este mes son os do litoral de Lugo e norte da Coruña, mentres que no resto de Galicia o déficit de chuvias foi próximo ao 50%, é dicir, choveu aproximadamente a metade do agardado nun mes de setembro. Tamén é salientable que estas chuvias se producisen na súa maior parte durante a primeira quincena do mes.

**Temperaturas:** As temperaturas mínimas pódense cualificar como normais para esta época do ano, mentres que as máximas foron lixeiramente superiores á media dos anos anteriores, debido sobre todo ao efecto das altas presións da segunda quincena do mes, que deixaron temperaturas diúrnas altas en xeral.



Anomalías percentuais de chuvia


Anomalías de temperaturas máximas medias

Anomalías de temperaturas mínimas medias

## OUTUBRO

### Mes chuvioso e con temperaturas altas en xeral

O mes de outubro rompeu a tendencia de precipitacións escasas do último ano. É o primeiro mes do ano 2005 que se pode catalogar como húmido ou moi húmido en toda a Comunidade. Isto é debido á sucesiva chegada de centros de baixas presións dende o Atlántico nos últimos 20 días, posto que nas primeiras dez xornadas Galicia aínda estivo afectada polas altas presións. De feito, o tempo predominante na primeira semana de outubro foi practicamente o propio do verán, con ceos despexados e temperaturas diúrnas por riba dos 25 °C e incluso puntualmente por riba dos 30 °C. As altas presións víronse desprazadas a partir do




Anomalías de presión a nivel medio do mar

día 11 coa chegada dunha fronte moi activa, que deixou chuvias cuantiosas nas xornadas do 11 e 12. Pero o principal efecto desta borrasca non foi a cantidade de chuvia, senón o feito de retirar as altas presións que estaban actuando como barreira que impedía a chegada de baixas presións dende o Atlántico. A partir desta data un tren de borrascas fixo que de forma sucesiva fosen chegando fronteiras a Galicia, deixando chuvias xeneralizadas en todo o país. Os ventos predominantes foron de compoñente sur e isto fixo que non se notase un descenso brusco das temperaturas. Esta situación

refléctese nos mapas de presión cunha anomalía negativa sobre o Atlántico, ao noroeste de Fisterra, o que quere dicir que a presión nesta área foi máis baixa do normal nun mes de outubro debido á chegada dos sucesivos centros de baixas presións.

**Precipitación:** As precipitacións durante o mes de outubro foron superiores á media dos 30 anos anteriores en toda Galicia e, polo tanto, o mes pódese cualificar como húmido ou moi húmido. Destacan particularmente as precipitacións que se produciron nas Rías Baixas. O observatorio de Lourizán acumulou unha cantidade de 477 l/m<sup>2</sup> ao longo do mes, o que significa máis do dobre da cantidade media agardada.

**Temperaturas:** As temperaturas foron en xeral iguais ou superiores á media, tanto no caso dos valores mínimos como no dos máximos. As mínimas mantiveron valores altos durante os últimos 20 días do mes, debido á presenza de moita nebulosidade durante a noite e aos ventos do sur. Isto levou a que en xeral os valores medios do ano 2005 sexan superiores á media dos anteriores, aínda que nalgunhas comarcas as baixas temperaturas rexistradas nos primeiros días anticiclónicos de ceos despexados matizaron esta anomalía. As temperaturas máximas presentan unha anomalía positiva debida principalmente ás altas temperaturas dos primeiros dez días do mes.



Anomalías porcentuais de chuvia

Anomalías de temperaturas máximas medias


Anomalías de temperaturas mínimas medias



## NOVEMBRO

### Mes moi variable, con poucas chuvias no sur de Galicia


O mes de novembro pódese cualificar como normal, debido á variabilidade de situacións sinópticas que foi presentando. Así, os primeiros días do mes comezaron baixo a influencia dun profundo centro de baixas presións que deixou chuvias abundosas en toda a Comunidade. Durante os seguintes días Galicia mantívose nunha situación intermedia entre as baixas presións atlánticas e as altas dos Azores, para sufrir a chegada doutro centro de baixas presións nas xornadas do 7 e o 8. A partir desa data a atmosfera cambiou a súa configuración e o resto do mes oscilou entre situacións anticiclónicas e baixas presións, pero con ventos de compoñente norte. Isto fai que, en xeral, as temperaturas medias fosen lixeiramente máis baixas que as agardadas neste mes e as chuvias durante os derradeiros 20 días do mes se producisen con máis intensidade no norte. Nestes días destacan a situación anticiclónica vivida entre o 21 e o 24, con máximas superiores aos 20 °C en moitos puntos, e a entrada de aire frío procedente do Atlántico norte na xornada do 25, que deixou a cota de neve nos 500 metros na madrugada do día 26. Esta situación reflíctese nunha anomalía negativa de presión sobre o Atlántico e unha anomalía positiva sobre Escandinavia, pero en xeral preto de Galicia a presión atmosférica foi a normal desta época do ano.



Anomalías de presión a nivel medio do mar

**Precipitación:** As precipitacións durante o mes de novembro foron superiores á media dos 30 anos anteriores en toda Galicia soamente no terzo norte. Pódese destacar o observatorio situado en Ferrol, que acumulou 213 l/m<sup>2</sup>. Porén, o resto de Galicia tivo precipitacións por debaixo da media. Así, por exemplo, no observatorio de Lourizán rexistráronse 127 l/m<sup>2</sup>, cando a media deste mes supera os 200 l/m<sup>2</sup>.

**Temperaturas:** As temperaturas foron en xeral iguais ou inferiores á media, tanto no caso dos valores mínimos como no dos máximos. Este dato reflicte en xeral a normalidade meteorolóxica vivida durante este mes. Os últimos 20 días, con circulación predominante do norte, e particularmente os derradeiros 5, cunha entrada de aire ártico marítimo, arrastraron os valores termométricos lixeiramente á baixa.



Anomalías porcentuais de chuvia


Anomalías de temperaturas máximas medias

Anomalías de temperaturas mínimas medias

## DECEMBRO

### Mes seco, con episodios de chuvias soamente ao principio e ao final do mes

O mes de decembro tivo tres períodos moi diferentes. Os primeiros catro días estiveron caracterizados polo paso de baixas presións dende o Atlántico, que deixaron ceos moi anubrados, temperaturas suaves e precipitacións abundosas, particularmente o primeiro día do mes. Os tres seguintes días foron de transición, con algunhas chuvias, pero xa de carácter débil e ocasional, e a partir do día 7 as condicións cambiaron claramente. Un centro de altas presións estacionario, situado ao norte de Galicia, deixou 15 xornadas consecutivas de tempo seco, pero moi frío. En xeral durante a segunda e terceira semana do




Anomalías de presión a nivel medio do mar

mes, caracterizadas ambas as dúas polas altas presións, o tempo foi tamén soleado, pero durante a terceira semana a baixada das temperaturas mínimas propiciou a formación de mestos bancos de néboa, e dado que nos atopabamos no solsticio, é dicir, o período do ano en que nos chega menor radiación solar, as néboas en moitos puntos non se disiparon durante varias xornadas consecutivas, particularmente en Lugo capital, o que fixo que os valores máximos de temperatura non superasen os 5 °C. A derradeira semana do mes e do ano estivo caracterizada novamente pola inestabilidade

e as precipitacións intermitentes. Se observamos os mapas de anomalías de presión, podemos observar a pegada das altas presións ao norte de Galicia, en forma de anomalía positiva, tanto no caso da presión en superficie, como a 500 hPa.

